



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Teoría sociolóxica 2		Código	615G01203
Titulación				
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación	Calo Garcia, Estefania	Correo electrónico	estefania.calo@udc.es	
Profesorado	Calo Garcia, Estefania	Correo electrónico	estefania.calo@udc.es	
	Rodríguez Rodríguez, María del Carmen		carmen.rodriguez2@udc.es	
Web	http://www.sociologia.udc.es/			
Descrición xeral	Nesta materia se transmiten os coñecementos teóricos necesarios para a comprensión e coñecemento da ciencia sociolóxica, tanto no que se refire ao eido teórico como á súa aplicación ao eido empírico. Tamén pretende que os/as alumnos/as desenvolvan as competencias que lles permitan a comprensión da realidade social e a súa análise en clave teórica.			
Plan de continxencia	1. Modificacións nos contidos			
	2. Metodoloxías			
	*Metodoloxías docentes que se manteñen: as sesións maxistrais, lecturas, traballos tutelados.			
	*Metodoloxías docentes que se modifican: a presentación oral e a proba de ensaio serán cambiadas por un traballo teórico ou práctico compensatorio.			
	3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado:			
	Mail, teams, moodle no horario de tutorías establecido na web a inicio de curso.			
	4. Modificacións na avaliación: 50% será unha proba teórica e o 50% unha ou varias probas prácticas.			
	*Observacións de avaliación: os traballos tutelados e a presentación oral que non poda ser realizada de forma presencial serán cambiadas por prácticas alternativas de carácter individual ou grupal dependendo do tema.			
	5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía: non hai			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Identificar na vida real os conceptos fundamentais da teoría sociolóxica contemporánea	A9	B3	C1
	A11	B4	C7
	A24	B6	
		B13	
		B18	
		B27	



Definir cos conceptos fundamentais da teoría sociolóxica contemporánea	A11 A24	B3 B6	
Describir o coñecemento teórico máis relevante da socioloxía das últimas décadas e ser quen de transmitilo sintéticamente	A9 A11 A24	B3 B6 B13 B18	C1 C7
Resumir unha monografía sociolóxica e expresar sintéticamente os aspectos máis salientables da mesma	A24	B3 B6 B13	C1 C7
Realizar un mapa conceptual das correntes e autores máis salientables da teoría sociolóxica contemporánea	A9 A11 A24	B3 B4 B13 B18	C1

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1	O interaccionismo simbólico.
Tema 2	Do estruturalismo ó post-estruturalismo.
Tema 3	Socioloxía micro comprensiva. A fenomenoloxía, a etnometodoloxía e a dramaturxia social.
Tema 4	A teoría crítica
Tema 5	Teorías do intercambio, de redes e da elección racional.
Tema 6	Integración micro-macro.
Tema 7	Integración acción-estrutura: a teoría xeral dos campos e a teoría da estruturación.
Tema 8	Das teorías contemporáneas da modernidade á teoría social posmoderna.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A11	22	40	62
Lecturas	A9 A11 C7	0	20	20
Traballos tutelados	A9 A24 B3 B4 B6 B13 B27 C1 C7	16	46	62
Presentación oral	A24 B3 B4 B6 B18 C1	1	2	3
Proba de ensaio	A9 A11 A24 B3 B6 B13 C1	2	0	2
Atención personalizada		1	0	1
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Sesión maxistral	É o método tradicional da docencia no que tanto a iniciativa como o peso principal da actividade recaen sobre o profesor. Expón un perigo importante de provocar actitudes pasivas por parte do alumnado e limitar así a súa capacidade de aprendizaxe. Con todo, unha clase maxistral ben preparada, densa nos contidos e amena na forma, será sempre un instrumento interesante na educación. Ademais, a clase expositiva, a lección maxistral, non debe ir soa na formulación dunha materia como esta. É necesario complementar este método pedagóxico máis tradicional coa introdución doutras actividades e métodos que permitan un rol máis activo dos estudantes. Neste tipo de aulas intentarase promover a participación que nos permita un mínimo feed-back do nivel de comprensión e de asimilación en cada tema e desenvolver en cada sesión auténticos debates sobre temas actuais e concretos relacionados coas cuestións teóricas tratados. A participación do alumnado neste tipo de aulas é moi importante e moi valorado. Con estes requisitos, a clase expositiva, mesmo cun número amplo de alumnos (a asistencia voluntaria sempre limita o número real), pode conseguir, en primeiro lugar, unha transmisión adecuada de coñecementos, preferentemente daqueles que poidan ser máis difíciles de acceder ou de assimilar. En segundo lugar, debe converterse no espazo da síntese, da crítica, da interrelación de ideas e da profundización de coñecementos. En terceiro lugar, na clase deben achegarse orientacións claras para a aplicabilidade dos coñecementos transmitidos e exemplos concretos da práctica social dos mesmos.
Lecturas	Nos temas do programa existen un número determinado de lecturas obrigatorias que permiten a adecuada comprensión da materia. Evitan ademais a copia automática de apuntamentos durante as clases maxistrais, motivando entre o alumnado a atención durante as explicacións. Son unha guía dos contidos da materia. Ademais, nalgúns sesións prácticas utilizaranse para dinamizar debates. As aulas son para entender os conceptos e as teorías e plantexar posibles dúbidas. Por esa razón cómpre ter leídos os textos sobre os que se falará na aula. Os textos da bibliografía son parte do material a partir do cal avalíaranse os coñecementos.
Traballos tutelados	Hai varios tipos de traballos tutelados, como as prácticas realizadas en clase (de forma individual ou grupal), a realización dun portafolio ou a elaboración dunha recensión. Estes traballos serven para relacionar os coñecementos teóricos adquiridos, os argumentos dos manuais e os textos de referencia, cos casos prácticos e co coñecemento das fontes de información relacionadas coa materia.
Presentación oral	Un dos traballos realizado polo alumnado será exposto en clase.
Proba de ensaio	Exame final sobre os contidos da materia explicados nas sesións maxistrais e nos recolleitos nas lecturas obrigatorias. A data é marcada oficialmente pola UDC.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------



Traballos tutelados Presentación oral Sesión maxistral Lecturas	A atención personalizada desta asignatura desenvolverase de forma presencial e non presencial. Para a comprensión das lecturas e para a realización dos traballos tutelados contaredes coa nosa presenza no aula durante as sesións en grupos reducidos e, ademais, poderedes programar as tutorías presenciais que consideredes necesarias no horario que comunicaremos ao comezo de curso. Tamén estaremos dispoñibles de forma non presencial preferiblemente a través do correo electrónico (e tamén a través da plataforma Moodle). Recomendase a todos os alumnos que, ante a dúbida, fagan uso das tutorías sempre. Aqueles alumnos que se acollan ao recoñecemento de dedicación a tempo parcial ou dispensa académica (os que non se acollan á avaliación continua presencial de forma xustificada), deberán poñerse en contacto cos profesores ao comezo do curso e terán que asistir a unha tutoría para concretar as metodoloxías de avaliación. A súa avaliación basearase nun traballo sobre un libro (20% da nota), un traballo sobre unha produción audiovisual (20% da nota) e o exame presencial realizado na data oficial estipulada pola UDC (60% da nota). Para aprobar a materia é necesario aprobar tanto os traballos tutelados (sobre o libro e a produción audiovisual) como o exame.
--	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A9 A24 B3 B4 B6 B13 B27 C1 C7	Considérase traballos tutelados tanto as prácticas realizadas en clase como o portafolio e a recensión. En todos estes traballos valorarase: -A comprensión e manexo dos conceptos, textos e a teoría sociolóxica. -O uso de fontes e de ferramentas apropiadas para a investigación social. -O pensamento crítico, reflexivo e relacional. -A orixinalidade. -A correcta expresión escrita. -A capacidade de traballo en grupo (cando sexa o caso).	45
Presentación oral	A24 B3 B4 B6 B18 C1	A presentación oral é obligatoria. Nela valorarase: -O dominio e comprensión do tema sociolóxico tratado. -A capacidade de síntese. -A correcta expresión oral. -A creatividade.	5
Proba de ensaio	A9 A11 A24 B3 B6 B13 C1	Exame escrito con preguntas breves e de desenvolvemento sobre o materia da materia. Nel valorarase: -O manexo de conceptos e teorías. -A comprensión da materia. -A coherencia do discurso. -A correcta expresión escrita.	50

Observacións avaliación



Avaliación continua.

A parte práctica (o conxunto de prácticas e actividades de clase, o portafolio, a recensión, a exposición, a asistencia e a participación) supoñerá o 50% da cualificación, o exame final o 50%. Desta forma valórase e compénsase todo o traballo realizado. As prácticas que se realizarán ao longo do cuatrimestre terán un contido variado. O exame final terá lugar nas datas oficiais marcadas pola UDC. Para aprobar a asignatura é necesario aprobar tanto a parte práctica como o exame.

Avaliación non continua.

Aqueles alumnos que se acollan ao recoñecemento de dedicación a tempo parcial ou dispensa académica (os que non se acollan á avaliación continua presencial de forma xustificada), deberán poñerse en contacto cos profesores ao comezo do curso e terán que asistir a unha tutoría para concretar as metodoloxías de avaliación. A súa avaliación basearase nun traballo sobre un libro (20% da nota), un traballo sobre unha produción audiovisual (20% da nota) e o exame presencial realizado na data oficial estipulada pola UDC (60% da nota). Para aprobar a materia é necesario aprobar tanto os traballos tutelados (sobre o libro e a produción audiovisual) como o exame.

Segunda oportunidade.

A aqueles que teñan aprobada a parte práctica da asignatura pero non se presenten ou suspendan o exame teórico da primeira convocatoria gardaráselles as notas da parte práctica pero terán que presentarse a un exame teórico nas datas oficiais marcadas pola UDC (en segunda oportunidade).

Aqueles que teñan que recuperar a parte práctica por habela suspendido deberán facer o mesmo exame teórico que os seus compañeiros que a teñan superada e ademais responder a unha ou varias cuestións para recuperar a parte práctica (soamente neste caso das dúas partes suspendas, a parte teórica do exame valerá un 60% da nota e a parte práctica un 40%).

Para aprobar a asignatura é necesario aprobar tanto a parte práctica como o exame.

Fontes de información

Bibliografía básica	- Ritzer, G. (2002). Teoría Social Contemporánea. Madrid: McGraw Hill - Giner, S. (2011). Teoría Sociológica Moderna. Barcelona: Ariel
Bibliografía complementaria	- Cobo, R. (2005). "El género en las ciencias sociales", en Cuadernos de Trabajo Social. - Martínez García, J.S. (2004). "Tipos de elección racional", en Revista Internacional de Sociología. - Noguera, J.A. (2003). "¿Quién teme al individualismo metodológico? Un análisis de sus implicaciones para la teoría social", en Papers. Revista de Sociología. - Rodríguez Ibáñez, J.E. (1998). La perspectiva sociológica. Historia, teoría y método. Madrid: Taurus

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Introdución á socioloxía/615G01103

Teoría sociolóxica 1/615G01110

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Estrutura e cambio social/615G01208

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías